

# **INFORME DE RESULTADOS DAS AUDITORÍAS OBSERVACIONAIS DE HIXIENE DE MANS 2024**

Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria  
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria



## Índice

|                                              |    |
|----------------------------------------------|----|
| 1. Introducción.....                         | 2  |
| 2. Obxectivos.....                           | 3  |
| 2.1. Obxectivo xeral.....                    | 3  |
| 2.2. Obxectivos específicos.....             | 3  |
| 3. Análise.....                              | 3  |
| 4. Resultados.....                           | 4  |
| 4.1. Adherencia á HM ano 2024.....           | 4  |
| 4.2. Comparativa resultados 2023 e 2024..... | 8  |
| 5. Conclusións.....                          | 12 |
| 6. Bibliografía.....                         | 14 |
| ANEXO I.....                                 | 15 |
| ANEXO II.....                                | 16 |

## 1. Introducción

A prevención e control das infeccións é unha prioridade a nivel mundial. Así ven contemplado no obxectivo estratéxico 3.3 do Plan de Acción Mundial da OMS para a Seguridade do Paciente (1). Este organismo internacional enfatiza na necesidade de dispoñer de programas dirixidos a alcanzar esta meta.

Na 75ª Asamblea Mundial da Saúde adóptase a resolución que da lugar á Estratexia Global para a Prevención en Control de Infeccións (2), que inclúe un plan de acción global cun marco de seguimento e consulta cos estados membros.

A nivel mundial, o impacto que teñen as infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) na vida das persoas é incalculable. Mais do 24% dos pacientes afectados de septicemia de orixe nosocomial e o 52,3% deses pacientes tratados nunha unidade de coidados intensivos (UCI) morren cada ano, segundo datos da OMS (3). As IRAS tamén provocan un aumento das estancias hospitalarias, discapacidade a longo prazo, maior resistencia dos microorganismos aos antimicrobianos e custes adicionais tanto para os pacientes como para o sistema sanitario (4).

As IRAS son unha das causas mais prevenibles de eventos adversos graves. Estas poden adquirirse en calquera momento da asistencia sanitaria e transmítense de múltiples formas, sendo a vía máis frecuente por contacto directo a través das mans dos profesionais sanitarios (5).

A hixiene de mans demostra ser unha medida altamente efectiva, esencial para reducir a transmisión de microorganismos e infeccións en entornas de atención médica, ben como unha intervención independente ou integrada en intervencións multifacéticas (6, 7, 8).

O Servizo Galego de Saúde, coñecedor da importancia da hixiene de mans (HM) na prevención das IRAS, inclúe esta medida nos Acordos de Xestión (ADX) coas áreas sanitarias desde o 2017, establecéndose como obxectivo para o ano 2024 acadar unha adherencia ás recomendacións de HM da OMS ao  $\geq 60\%$  das oportunidades para a HM, por parte dos profesionais sanitarios dos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Para avaliar o cumprimento deste obxectivo, a Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria coordinou auditorías observacionais de hixiene de mans nos hospitais do Servizo Galego de Saúde e no Hospital Povisa, que foron realizadas por catro

observadores externos en dous cortes, no primeiro e no segundo semestre de 2024.

A pesar de toda a evidencia científica dispoñible en relación á eficacia da hixiene de mans na prevención e control das infeccións derivadas da asistencia, a adherencia dos profesionais sanitarios a dito procedemento segue a ser baixa.

Neste informe preséntase a análise dos datos obtidos nas auditorías en relación á adherencia á HM, seguindo as recomendacións da guía da OMS.

## 2. Obxectivos

### 2.1. Obxectivo xeral

- Avaliar a adherencia dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde ás recomendacións da OMS para a hixiene de mans.

### 2.2. Obxectivos específicos

- Sensibilizar aos profesionais e aos directivos dos hospitais sobre a importancia da hixiene de mans na prevención das IRAS. E así contribuír á cultura de seguridade do noso centro sanitario.
- Identificar áreas de mellora co fin de que se implanten as accións necesarias para incrementar a adherencia á hixiene de mans.

## 3. Análise

Para valorar a correcta realización da HM, calculouse a porcentaxe de adherencia como se mostra a continuación:

**Adherencia á HM:** porcentaxe de oportunidades para a HM nas que os profesionais realizan a HM de maneira correcta con preparados de base alcohólica (PBA) ou auga e xabón, sobre o total de oportunidades para a HM observadas:

$$\frac{N^{\circ} \text{ oportunidades para a HM nas que os profesionais realizan HM correcta con PBA ou auga e xabón} \times 100}{\text{Total de oportunidades observadas para a HM}}$$

Analizouse a adherencia á HM con PBA ou auga e xabón en 4 niveis:

1. O global da mostra: comprende o conxunto do Servizo Galego de Saúde máis o Hospital Povisa.
2. As oportunidades para a HM observadas no Servizo Galego de Saúde.

3. O Servizo Galego de Saúde, por áreas sanitarias.
4. O Servizo Galego de Saúde por centro hospitalario.

En cada centro hospitalario avalíase a adherencia á HM por servizos dentro dos hospitais de cada área: Medicina Interna, Urxencias, Traumatoloxía e Oncoloxía, así como outras áreas como a cirúrxica nalgúns centros.

Nesta análise proporciónanse dous resultados de adherencia: sen contar e contando como incorrectas aquelas oportunidades nas que os profesionais levaban uñas longas e/ou vernizadas e/ou xoias (incluídos reloxo).

Tamén se realizou unha análise comparativa dos resultados obtidos nestas auditorías con respecto aos da auditoría realizada no ano 2023.


## 4. Resultados

Os resultados que se presentan a continuación refírense as observacións recollidas nas auditorías.

### 4.1. Adherencia á HM ano 2024


Nas auditorías realizadas no primeiro corte do ano 2024, obtivéronse un total de 2936 oportunidades para a realización da hixiene das mans (2704 no conxunto do Servizo Galego de Saúde mais 232 do Hospital Ribera-Povisa). No segundo corte foron 2420 oportunidades, con 2207 nos hospitais do Sergas e 213 no Hospital Ribera-Povisa.

Tomando como referencia o 60% de adherencia ás recomendacións de HM da OMS, as porcentaxes de adherencia presentan unha importante variación entre as diferentes áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Considerando o número total de observacións realizadas, o rango de adherencia entre as diferentes áreas sanitarias oscila entre o 42,4% da Área de Santiago de Compostela e Barbanza ao 62,9% da Área de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras e o 65,1% do Hospital Ribera-Povisa. Tendo en conta o uso de xoias/uñas longas ou vernizadas, o rango de adherencia está entre o 27,6% da Área de Pontevedra e O Salnés ao 52,2% da Área de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras e o 61% do Hospital Ribera-Povisa (Gráfica 1).




**Gráfica 1.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias en 2024.

A nivel hospitalario, hai 5 centros que superan o obxectivo do 60%, sendo o Hospital de Verín e o Hospital da Mariña os que acadan os mellores resultados na avaliación do total de observacións (72,8% e 72,6%, respectivamente). Considerando o uso inadecuado de xoias/uñas, 3 centros están por encima do obxectivo (H. do Barco de Valdeorras, H. de Verín e H. Ribera-Povisa), mentres que 5 hospitais obtiveron resultados por debaixo do 30% de adherencia (Gráfica 2).




**Gráfica 2.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios en 2024.

En canto ós servizos auditados, atópanse resultados moi dispares en canto a orixe e centro, se ben o grupo de 'Outros' que comprende a área cirúrxica é o que obtén mellores resultados de adherencia, cunha porcentaxe maior do 60% (Gráfica 3). Os detalles dos resultados de adherencia á hixiene de mans por servizo auditado atópanse no Anexo I.



**Gráfica 3.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) por servizo auditado en 2024.

No que se refire á categoría profesional dos traballadores observados, a mellor porcentaxe de adherencia (con PBA ou con auga e xabón) na análise total das oportunidades rexistradas foi acadada polo persoal de enfermmería (61,9%), seguidos polos TCAE (55,4%), persoal médico (44,2%) e por profesionais doutras categorías (35,3%). Esta orde non se modifica na realizada tendo en conta o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas (Gráfica 4). Os detalles dos resultados de adherencia á hixiene de mans por categoría profesional atópanse no Anexo II.



**Gráfica 4.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) por categoría profesional en 2024.

En relación aos "5 momentos para a HM" descritos pola OMS, o cumprimento a nivel global e tendo en conta todas as oportunidades observadas, foi por orde (Gráfica 5):

"Despois de exposición a fluídos biolóxicos": 63,6% de adherencia á HM


"Despois do contacto co paciente": 61,3%

"Despois do contacto coa contorna do paciente": 58,4%

"Antes do contacto co paciente": 38,1%

"Antes de realizar tarefa aséptica": 35,9%






**Gráfica 5.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos "5 momentos" OMS 2024

#### 4.2. Comparativa resultados 2023 e 2024

Na análise realizada, tendo en conta o total de oportunidades rexistradas no conxunto de centros, obsérvase un empeoramento de 2 puntos porcentuais na adherencia á HM no global de hospitais do Servizo Galego de Saúde (sen Povisa), en relación cos datos do ano 2023 (53,2% fronte ao 55,2%).


Hai 8 centros que melloran os seus resultados con respecto ao 2023, sendo o C.H.U. de Ourense o que presenta o maior incremento da porcentaxe de adherencia (16,7%). Así mesmo destacan 4 centros que superaron o obxectivo de adherencia do 60% tanto en 2023 como en 2024. Son o H. de Verín, o H. da Mariña, o H. do Barco de Valdeorras e o H. Ribera Povisa.

Non obstante, 7 centros hospitalarios obtiveron peores resultados que no ano 2023. Neste caso, é o C.H.U. de Pontevedra o que presenta un descenso maior, pasando do 69,7% no ano 2023 ao 54% no 2024. Tamén se observa que 3 centros, que en 2023 acadaron unha adherencia  $\geq 60\%$  como recomenda a OMS, quedan por debaixo deste obxectivo en 2024. Son o C.H.U. de Ferrol, o H. de Monforte de Lemos e o C.H.U. de Pontevedra. (Gráfica 6).



**Gráfica 6.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios no ano 2023 e 2024, tendo en conta o total das observacións rexistradas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.


Cando realizamos a análise avaliando como incorrectas as oportunidades nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas longas e/ou vernizadas, observamos que hai 8 centros que melloran os seus datos e 7 que non, sendo o Hospital Público Virxe da Xunqueira o de maior incremento, cun 19,1%, e os hospitais públicos de Monforte de Lemos e de Pontevedra os que presentan maiores descensos, cun 18,2% e un 15,4% respectivamente (Gráfica 7).



**Gráfica 7.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios no ano 2023 e 2024, tendo en conta o uso inadecuado de xoias/uñas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.


Así mesmo, podemos observar que hai 4 áreas sanitarias que obteñen peores resultados que en 2023. Destaca o descenso do 12,7% da Área Sanitaria de Pontevedra, do 66% en 2023 a un 53,3% en 2024.

Polo contrario, as áreas de Coruña e Cee, Ourense Verín e o Barco e a área sanitaria de Vigo, logran mellores resultados de adherencia no ano 2024 que no 2023 (Gráfica 8).



**Gráfica 8.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias no ano 2023 e 2024, tendo en conta o total das observacións rexistradas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.

Para rematar, a análise dos datos de 2024 tendo en conta o uso de incorrecto de xoias e uñas longas ou vernizadas, no global do Servizo Galego de Saúde xunto con Povisa, obtense o mesmo resultado que en 2023, do 41,9% (Gráfica 9).



**Gráfica 9.** Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias no ano 2023 e 2024, tendo en conta o uso inadecuado de xoias/uñas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.

## 5. Conclusións

- Os resultados obtidos neste estudio mostran porcentaxes de adherencia á hixiene de mans inferiores ás obtidas nas auditorías do ano 2023, tanto para o global do Servizo Galego de Saúde como para a maioría dos hospitais auditados, o que inverte a tendencia de mellora observada ata o momento.
- Só a Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco, xunto co Hospital Ribera-Povisa obteñen un % Adherencia á HM  $\geq 60\%$  (Obxectivo ADX 2024).
- No 2024, igual que en 2023, os maiores valores na adherencia á hixiene de mans corresponden aos profesionais de enfermmería. Destaca o incremento no % de adherencia á HM, do 9% en 2023 ao 35,3%, do colectivo de 'Outras categorías profesionais', que engloba principalmente ós celadores.
- Ao igual que o observado nas auditorías realizadas ata o de agora, a maior adherencia á HM prodúcese despois da exposición a fluídos biolóxicos e



despois do contacto co paciente ou a súa contorna (enfoque de autoprotección).

- Se avaliamos o total de oportunidades rexistradas, obsérvase pouca variabilidade na adherencia en función do tipo de hospital, se ben os hospitais con mellores resultados son de primeiro nivel.
- Por outra banda, 7 son os hospitais que obtiveron peores resultados con respecto á auditoría realizada no ano 2023, cando realizamos a análise avaliando como incorrectas as oportunidades nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas inadecuadas. E por iso, é de grande importancia que os axentes implicados na prevención e control das IRAS incidan nesta cuestión e conciencien aos profesionais da necesidade de evitar o seu uso.
- Finalmente, e aínda que non é obxectivo desta auditoría a avaliación do uso adecuado de luvas, hai que considerar que no 48,3% do total de oportunidades nas que non se realizou hixiene de mans, o profesional utilizaba luvas, aínda que cómpre lembrar que AS LUVAS EN NINGÚN CASO SUBSTITÚEN Á HIXIENE DE MANS.

## 6. Bibliografía

- 1.-Organización Mundial de la Salud. Proyecto de acción mundial para la seguridad del paciente 2021-2030: hacia la eliminación de los daños evitables en la atención de salud. Ginebra: Organización Mundial de la Salud; 2022.
- 2.-Global strategy on infection prevention and control. Geneva: World Health Organization; 2023
- 3.-<https://www.who.int/es/news/item/06-05-2022-who-launches-first-ever-global-report-on-infection-prevention-and-control>
- 4.-Organización Mundial de la Salud. Informe del Director General. Medidas mundiales en materia de seguridad del paciente. Ginebra: OMS; 2019.
- 5.-WHO research agenda for hand hygiene in health care 2023-2030. Geneva: OMS; 2023.
- 6.-Luangasanatip N, Hongsuwan M, Limmathurotsakul D, Lubell Y, Lee AS, Harbarth S et al. Comparative efficacy of interventions to promote hand hygiene in hospitals: systematic review and network meta-analysis. BMJ Glob Health. 2015; 351:h3278.
- 7.-Organization for Economic Co-operation and Development. Stemming the superbug tide: just for a few dollars more. Paris: OECD Publishing; 2018
- 8.-Lotfnejad N, Peters A, Tartari E, Fankhauser-Rodríguez C, Pires D, Pittet D. Hand hygiene in health care: 20 years of ongoing advances and perspectives. Lancet Infect Dis. 2021; 21: e209-e21



## ANEXO I

| % ADHERENCIA Á HIXIENE DE MANS POR SERVIZO AUDITADO<br>ANO 2024 |                          |             |                    |             |              |             |               |             |              |             |                             |             |
|-----------------------------------------------------------------|--------------------------|-------------|--------------------|-------------|--------------|-------------|---------------|-------------|--------------|-------------|-----------------------------|-------------|
|                                                                 | TOTAL Nº<br>OBSERVACIÓNS |             | SERVIZOS AUDITADOS |             |              |             |               |             |              |             |                             |             |
|                                                                 |                          |             | M.INTERNA          |             | ONCOLOXÍA    |             | TRAUMATOLOXÍA |             | URXENCIAS    |             | Outros servizos<br>(QX,...) |             |
|                                                                 | Nº                       | %           | Nº                 | %           | Nº           | %           | Nº            | %           | Nº           | %           | Nº                          | %           |
| CHUAC                                                           | 649                      | 52 %        | 175                | 53 %        | 184          | 58 %        | 184           | 50 %        | 106          | 43 %        | 0                           | 0 %         |
| H. Virxe da Xunqueira                                           | 357                      | 62 %        | 185                | 60 %        | 0            | 0 %         | 0             | 0 %         | 40           | 75 %        | 132                         | 61 %        |
| CHUS                                                            | 523                      | 38 %        | 128                | 38 %        | 118          | 30 %        | 116           | 57 %        | 161          | 29 %        | 0                           | 0 %         |
| H. Barbanza                                                     | 359                      | 49 %        | 115                | 60 %        | 0            | 0 %         | 62            | 61 %        | 124          | 36 %        | 58                          | 43 %        |
| CHUF                                                            | 495                      | 50 %        | 135                | 60 %        | 120          | 53 %        | 117           | 39 %        | 123          | 44 %        | 0                           | 0 %         |
| HULA                                                            | 586                      | 51 %        | 159                | 35 %        | 164          | 52 %        | 183           | 69 %        | 80           | 40 %        | 0                           | 0 %         |
| H. Monforte de Lemos                                            | 383                      | 57 %        | 178                | 56 %        | 0            | 0 %         | 0             | 0 %         | 63           | 41 %        | 142                         | 66 %        |
| H. da Mariña                                                    | 340                      | 73 %        | 172                | 61 %        | 0            | 0 %         | 0             | 0 %         | 27           | 44 %        | 141                         | 92 %        |
| CHUOU                                                           | 523                      | 53 %        | 108                | 57 %        | 125          | 74 %        | 125           | 48 %        | 165          | 40 %        | 0                           | 0 %         |
| H. de Verín                                                     | 367                      | 73 %        | 126                | 80 %        | 0            | 0 %         | 0             | 0 %         | 126          | 63 %        | 115                         | 76 %        |
| H. Barco de Valdeorras                                          | 346                      | 67 %        | 219                | 68 %        | 0            | 0 %         | 0             | 0 %         | 52           | 46 %        | 75                          | 77 %        |
| CHOPO                                                           | 539                      | 54 %        | 139                | 40 %        | 122          | 72 %        | 132           | 58 %        | 146          | 49 %        | 0                           | 0 %         |
| H. do Salnés                                                    | 371                      | 52 %        | 116                | 48 %        | 0            | 0 %         | 58            | 53 %        | 135          | 57 %        | 62                          | 48 %        |
| H. Álvaro Cunqueiro                                             | 610                      | 50 %        | 214                | 69 %        | 109          | 35 %        | 167           | 52 %        | 120          | 29 %        | 0                           | 0 %         |
| Povisa                                                          | 490                      | 65 %        | 113                | 66 %        | 104          | 59 %        | 132           | 67 %        | 141          | 67 %        | 0                           | 0 %         |
| <b>Total Sergas + POVISA</b>                                    | <b>6.938</b>             | <b>55 %</b> | <b>2.282</b>       | <b>57 %</b> | <b>1.046</b> | <b>55 %</b> | <b>1.276</b>  | <b>56 %</b> | <b>1.609</b> | <b>46 %</b> | <b>725</b>                  | <b>69 %</b> |
| <b>SERGAS</b>                                                   | <b>6.448</b>             | <b>53 %</b> | <b>2.169</b>       | <b>57 %</b> | <b>942</b>   | <b>54 %</b> | <b>1.144</b>  | <b>52 %</b> | <b>1.468</b> | <b>43 %</b> | <b>725</b>                  | <b>69 %</b> |



## ANEXO II

### % ADHERENCIA Á HIXIENE DE MANS POR CATEGORÍA PROFESIONAL E 5 MOMENTOS PARA HM ANO 2024

|                              | TOTAL Nº<br>OBSERVACIÓNS |             | CATEGORÍA PROFESIONAL n (%) |             |              |             |              |             |                         |             | 5 MOMENTOS PARA HM n (%)         |             |                                      |             |                                                  |             |                                    |             |                                                 |             |
|------------------------------|--------------------------|-------------|-----------------------------|-------------|--------------|-------------|--------------|-------------|-------------------------|-------------|----------------------------------|-------------|--------------------------------------|-------------|--------------------------------------------------|-------------|------------------------------------|-------------|-------------------------------------------------|-------------|
|                              |                          |             | Enfermeiro/a                |             | TCAE         |             | Médico/a     |             | Outros/as<br>categorías |             | Antes do contacto co<br>paciente |             | Antes de realizar<br>tarefa aséptica |             | Despois da<br>exposición a fluídos<br>biolóxicos |             | Despois do contacto<br>co paciente |             | Despois do contacto coa<br>contorna do paciente |             |
|                              | Nº                       | %           | Nº                          | %           | Nº           | %           | Nº           | %           | Nº                      | %           | Nº                               | %           | Nº                                   | %           | Nº                                               | %           | Nº                                 | %           | Nº                                              | %           |
| CHUAC                        | 649                      | 52 %        | 343                         | 61 %        | 170          | 56 %        | 92           | 22 %        | 44                      | 36 %        | 227                              | 41 %        | 35                                   | 43 %        | 34                                               | 71 %        | 234                                | 61 %        | 119                                             | 52 %        |
| H. Virxe da Xunqueira        | 357                      | 62 %        | 188                         | 68 %        | 105          | 54 %        | 63           | 57 %        | 1                       | 0 %         | 136                              | 44 %        | 14                                   | 71 %        | 12                                               | 75 %        | 130                                | 79 %        | 65                                              | 62 %        |
| CHUS                         | 523                      | 38 %        | 206                         | 53 %        | 133          | 37 %        | 130          | 22 %        | 54                      | 20 %        | 163                              | 20 %        | 32                                   | 38 %        | 32                                               | 44 %        | 179                                | 46 %        | 117                                             | 48 %        |
| H. Barbanza                  | 359                      | 49 %        | 178                         | 51 %        | 105          | 48 %        | 39           | 51 %        | 37                      | 46 %        | 117                              | 24 %        | 37                                   | 38 %        | 13                                               | 69 %        | 151                                | 69 %        | 41                                              | 54 %        |
| CHUF                         | 495                      | 50 %        | 197                         | 57 %        | 180          | 51 %        | 78           | 45 %        | 40                      | 15 %        | 136                              | 32 %        | 34                                   | 29 %        | 27                                               | 78 %        | 185                                | 65 %        | 113                                             | 44 %        |
| HULA                         | 586                      | 51 %        | 317                         | 69 %        | 115          | 38 %        | 89           | 37 %        | 65                      | 7 %         | 175                              | 31 %        | 48                                   | 44 %        | 35                                               | 89 %        | 186                                | 59 %        | 142                                             | 59 %        |
| H. Monforte de Lemos         | 383                      | 57 %        | 225                         | 63 %        | 101          | 55 %        | 33           | 36 %        | 24                      | 27 %        | 133                              | 40 %        | 22                                   | 59 %        | 22                                               | 77 %        | 131                                | 73 %        | 75                                              | 53 %        |
| H. da Mariña                 | 340                      | 73 %        | 205                         | 74 %        | 50           | 68 %        | 67           | 81 %        | 18                      | 46 %        | 114                              | 57 %        | 15                                   | 80 %        | 17                                               | 100 %       | 116                                | 79 %        | 78                                              | 78 %        |
| CHUOU                        | 523                      | 53 %        | 265                         | 59 %        | 149          | 53 %        | 51           | 41 %        | 58                      | 44 %        | 166                              | 35 %        | 36                                   | 31 %        | 20                                               | 65 %        | 198                                | 74 %        | 101                                             | 51 %        |
| H. de Verín                  | 367                      | 73 %        | 178                         | 68 %        | 114          | 83 %        | 35           | 69 %        | 40                      | 77 %        | 98                               | 57 %        | 32                                   | 50 %        | 14                                               | 79 %        | 163                                | 82 %        | 60                                              | 85 %        |
| H. Barco de Valdeorras       | 346                      | 67 %        | 158                         | 65 %        | 103          | 75 %        | 48           | 73 %        | 37                      | 25 %        | 127                              | 45 %        | 9                                    | 33 %        | 16                                               | 94 %        | 118                                | 80 %        | 76                                              | 82 %        |
| CHOPO                        | 539                      | 54 %        | 263                         | 61 %        | 138          | 53 %        | 89           | 40 %        | 49                      | 48 %        | 171                              | 32 %        | 45                                   | 40 %        | 20                                               | 80 %        | 231                                | 71 %        | 72                                              | 54 %        |
| H. do Salnés                 | 371                      | 52 %        | 169                         | 57 %        | 104          | 50 %        | 72           | 51 %        | 26                      | 38 %        | 134                              | 36 %        | 25                                   | 20 %        | 12                                               | 50 %        | 161                                | 71 %        | 39                                              | 54 %        |
| H. Álvaro Cunqueiro          | 610                      | 50 %        | 284                         | 60 %        | 183          | 46 %        | 96           | 26 %        | 47                      | 24 %        | 168                              | 37 %        | 42                                   | 45 %        | 32                                               | 72 %        | 200                                | 58 %        | 168                                             | 52 %        |
| Povisa                       | 490                      | 65 %        | 201                         | 61 %        | 179          | 75 %        | 77           | 60 %        | 33                      | 50 %        | 154                              | 53 %        | 48                                   | 38 %        | 28                                               | 71 %        | 175                                | 78 %        | 85                                              | 74 %        |
| <b>Total Sergas + POVISA</b> | <b>6.938</b>             | <b>55 %</b> | <b>3.377</b>                | <b>62 %</b> | <b>1.929</b> | <b>55 %</b> | <b>1.059</b> | <b>44 %</b> | <b>573</b>              | <b>35 %</b> | <b>2.219</b>                     | <b>38 %</b> | <b>474</b>                           | <b>36 %</b> | <b>334</b>                                       | <b>64 %</b> | <b>2.558</b>                       | <b>61 %</b> | <b>1.351</b>                                    | <b>58 %</b> |
| <b>SERGAS</b>                | <b>6.448</b>             | <b>53 %</b> | <b>3.176</b>                | <b>62 %</b> | <b>1.750</b> | <b>53 %</b> | <b>982</b>   | <b>43 %</b> | <b>540</b>              | <b>34 %</b> | <b>2.065</b>                     | <b>37 %</b> | <b>426</b>                           | <b>42 %</b> | <b>306</b>                                       | <b>74 %</b> | <b>2.383</b>                       | <b>68 %</b> | <b>1.266</b>                                    | <b>57 %</b> |

Distribución da mostra segundo categoría profesional e os 5 momentos para a Hixiene das Mans: N= nº total de oportunidades para a HM no hospital e total da mostra